

ROF		
EXPEDIENTE	Sesión ordinaria do Pleno do Concello 30.01.2014	Ref. 01/2014
TRÁMITE	Acta	

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO 30 DE XANEIRO DE 2014

No Salón de actos do Concello de Mos, sendo as 18:00 horas do día 30 de xaneiro de 2014, reúnese o Pleno deste Concello, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Alcalde por delegación don Óscar Soto Abadín, cón fin de celebrar sesión ordinaria segundo a orde do día fixado por Resolución da Alcaldía e notificado aos Srs. Concelleiros.

Asisten os seguintes Srs. Concelleiros:

Polo grupo municipal P.P.:

D^a. Julia Loureiro Campo
D. Alberto Méndez Lago
D. José Luis Alonso Seijo
D^a. M^a Raquel Monzón Otero
D. Cándido Pérez Rodríguez
D. Camilo Augusto Martínez
D. Isidoro José Táboas Moldes

Polo grupo municipal PSdG-PSOE:

D. Tomás García Morgadas
D. Alfonso Parada Fernández
D^a Delfina Rodríguez Lorenzo
D^a. Patricia Pérez Ucha
D. Gerardo Guisande Alonso

Polo grupo municipal B.N.G.:

D. Miguel Anxo Aldea Moscoso
D^a. M^a del Carmen Vila Blanco

Secretario,

Fernando Torre Comesaña

Interventor,

Sergio Pérez Rodríguez

Ausentes

D^a M^a Nidia Arévalo Gómez
D^a. Sara M^a Cebreiro Alonso

1. Aprobación borrador acta sesión anterior (26 de decembro de 2013).

Iníciase a sesión someténdose á aprobación dos membros corporativos, a acta da sesión celebradas con data 26 de decembro de 2013, ao abeiro do sinalado no artigo 91.1º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O Sr. Presidente pregunta si hai alegacións a acta, e o Sr. García Morgadas di que en Rogos e preguntas, na súa segunda pregunta, non consta o nome da avogada a que se lle están dando casos agora, que el

pregunta porque se lle dan a avogada Ana M^a Rodríguez Cabaleiro , antiga concelleira do grupo municipal do Partido popular.

A continuación sometese á votación ordinaria, aprobándose por unanimidade dos membros da Corporación.

2. Recoñecemento extraxudicial de crédito nº 01/2014.

Primeiramente votase a inclusión, dentro do recoñecemento extraxudicial, de varias facturas mais, incluídas na relación de gastos nº 2014-42, por importe de 2.807,72 euros. Resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

A continuación dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 27 de xaneiro de 2014.

Non habendo intervencións, o Sr. Presidente, somete o acordo a votación ordinaria, e por maioría cos votos a favor do grupo municipal do Partido Popular (8) e do grupo municipal do P.S.deG.-P.S.O.E.(5) e a abstencións do B.N.G.(2), sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Levantar o reparo da Intervención Xeral.

Segundo.- Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 01/2014, das facturas incluídas na relación núm. 2014-42 e do plan cultural 2013, por importe total de 21.207,72 €

3. Resolucións Alcaldía.

Dáse por realizado o trámite.

4. Comunicacions de Alcaldía.

O presidente comunica que o 15 de febreiro, haberá unha homenaxe as vítimas das Forzas Armadas, de seguridade do estado e seguridade privada no Concello, que empezará ás once da mañá cunha misa na igrexa de Mos e despois seguirá no multiusos.

Ademais confirma o traslado a Mos de Regenasa, filial de Panelfa que vai a ocupar os terreos antes ocupados por Granitos Ibéricos.

5. Mocións.

5.1. Moción do grupo municipal do B.N.G. de Mos, para garantir o subministro eléctrico ás persoas sen recursos.

Na comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, de 24 de xaneiro de 2014, ditaminouse favorablemente a seguinte moción:

“Exposición de motivos:

En Galiza hai máis de 650.000 persoas que están en situación de pobreza e 120.000 en estado de pobreza severa; hai 93.000 fogares con todos os seus membros no paro -12.000 máis que o ano pasado- e existen máis de 33.000 fogares sen ningún tipo de ingresos, confirmando datos terribes de pobreza infantil que no Estado español acada a cifra de 2,2 millóns de nenos e nenas por baixo do limiar da pobreza ou que 6 de cada 10 familias chegan con maiores dificultades a fin de mes.

O goberno local non só debe garantir por medio da administración municipal e dos servizos sociais públicos o apoio as persoas que o precisaren, senón que tamén debe impulsar diante do Estado español e da Xunta de Galiza iniciativas para que a prestación de servizos básicos destinados aos grupos máis desfavorecidos e medidas específicas dirixidas a persoas en risco de exclusión social e con necesidades especiais permitan contribuír a garantir o benestar, a saúde e calidade de vida nesta situación dramática que padecen.

En consonancia con isto, hoxe, outro dos factores de vulnerabilidade para moitas familias galegas é a pobreza enerxética, e concretamente o subministro eléctrico as súas vivendas. Os datos referidos ao Estado español demostran que, antes de comezar a crise económica, o número de familias que sufrían un corte de luz polo impalo do recibo da empresa subministradora era de 600.000 e, durante o ano 2012, foron 1,4 millóns de familias as que padeceron este corte no subministro.

Esta situación, faise especialmente dramática pensando que se poidan producir cortes do subministro en fogares sen recursos, un feito que agudizará aínda máis as penosas condicións de vida das persoas que os habitan.

Países europeos, como Francia, limitan durante o tempo invernal os cortes de subministro eléctrico a familias sen recursos que non teñen cartos para pagar o recibo da luz. Alemaña paga a calefacción e o aluguer das persoas en paro de longa duración. Cataluña estuda prohibir os cortes de enerxía a familias na pobreza.

Os niveis e datos de pobreza en Galiza que enumeramos ao principio e as duras condicións climatolóxicas que estamos xa a padecer na entrada deste inverno, fan especialmente necesario que a Xunta de Galiza adopte medidas diante desta problemática para evitar as súas dramáticas consecuencias.

Cómpre avogar, pois, por unha reforma a fondo da normativa do sector eléctrico, tanto para corrixir os denominados inxustos e elevados beneficios que se xeran co formato actual de poxas de enerxía no mercado maiorista, co que se poría fin á escalada no incremento do déficit da tarifa, como para retornar a un modelo de maior intervención e control nun servizo esencial como o subministro eléctrico aos fogares, cuxa liberalización demostrou que beneficia exclusivamente ás grandes empresas enerxéticas a custo dunha política abusiva coa maioría das persoas abonadas.

Esta situación prodúcese nun contexto en que Galiza é excedentaria na produción de electricidade. Así, mentres padece os custos sociais e medioambientais que supón a xeración eléctrica, non obtén ningún beneficio desta condición.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza ás seguintes cuestións:

- a) Realizar as modificacións lexislativas necesarias para garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza e, entre tanto, adopte medidas prácticas para evitar as dramáticas consecuencias desta problemática nos fogares galegos máis desfavorecidos.
- b) Demandar do Goberno do Estado español que non incremente o recibo da luz para o 2014.
- c) Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas.”

Sometida votación queda rexeitada cos votos negativos do grupo municipal do P.P. (8) e co voto afirmativo do grupo municipal do P.S.de G.-P.S.O.E (5) e do B.N.G. (2)

5.2. Moción do grupo municipal do P.S.deG.-P.S.O.E. para instar a Xunta de Galicia ao mantemento do servizo galego de apoio a mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes.

Na comisión informativa de Cultura, turismo e deportes, de 24 de xaneiro de 2014, ditaminouse favorablemente a seguinte moción:

“Exposición de motivos:

En outubro de 2007 a Xunta de Galicia, presidida por Emilio Pérez Touriño, creaba e regulaba o funcionamento do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes. Este servizo ven sendo mais coñecido como 065.

Con esta medida dábase cumprimento á encomenda ós poderes públicos de Galicia, recollida no artigo 4, 2 do Estatuto de Autonomía, de promover medidas para que a liberdade e a igualdade do individuo fora real e efectiva, adoptando solucións para remover os obstáculos que as puideran impedir ou dificultar.

O 065 constituíase como un servizo público de transporte destinado a facilitar o desprazamento programado e non urxente de persoas discapacitadas e/ou dependentes imposibilitadas para utilizar transportes colectivos de uso xeral.

Esta prestación facilitadora da mobilidade permitía ós beneficiarios acudir a consultas ou tratamentos sanitarios; trasladarse a residencias, centros de día e outros equipamentos públicos de aloxamento; a actividades educativas ou formativas; a centros de servizos sociais nos que se desenvolveran programas ou actividades do seu interese; e os necesarios para a realización de actividades básicas da vida diaria: xestións administrativas, actividades terapéuticas ou rehabilitadoras.

A prestación do servizo efectuábase directamente con medios propios ou contratando o servizo a empresas do sector, establecéndose un custo para o beneficiario que oscilaba entre a gratuidade, para os que tiveran rendas menores ó 75% do IPREM, e o 16% do seu custe real, para as rendas superiores ó 250% do IPREM.

Dende a chegada do Presidente Feijoo ó goberno da Xunta se ten producido un continuo degradamento na calidade do servizo, denunciado reiteradamente polos beneficiarios: non poder asistir a citas médicas, por incomparecencia do transporte previamente confirmado; denegación do servizo, por non existir vehículo dispoñible; servizos incompletos (facilitábase a viaxe de ida, pero non a de volta); falla de resposta ás solicitudes efectuadas; grandes retrasos (mais de dúas horas) nas recollidas; etc.

Recentemente a Consellería de Traballo e Benestar Social intenta deteriorar, inda mais, o servizo, presentando un borrador de decreto que ven ser a puntilla definitiva ó transporte adaptado 065.

Este documento recolle unha serie de medidas mais restritivas e limitadoras do servizo: incrementa o grado de minusvalía para acceder do 65% ó 75%; deixa a criterio da Xunta o fixar unha intensidade máxima de uso; computa un viaxe de ida e volta como dous servizos distintos; elimina a obrigatoriedade de contar no transporte coa asistencia de monitor-acompañante; o recoñecemento da condición de usuario do 065 non implica o dereito á prestación; non fixa un prazo para solicitar e anular os servizos (na actualidade é de 48 horas).

A maiores quere establecerse un tope de dez viaxes ó mes e desentenderse do servizo delegando nas asociacións do sector a xestión do mesmo.

Estas medidas implican un especial prexuízo para os beneficiarios residentes en zonas rurais e para os discapacitados por danos cerebrais, así como para os seus coidadores que terán que dedicarlles mais horas de atención.

A Conselleira de Traballo e Benestar Social pretende coas medidas restritivas que propón poñer en marcha, volver ós tempos do franquismo, ós tempos nos que se agochaba a realidade dos discapacitados e dependentes, manténdooos pechados nas súas casas. Sen lugar a dúbida estas pretensións da Xunta de Galicia restrinxen gravemente os dereitos dos discapacitados e dependentes a gozar dunha liberdade e igualdade reais e efectivas.

Por todo o anterior o GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE de Mos presenta ó Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS:

1º. Instar ó Presidente da Xunta de Galicia e á Conselleira de Traballo e Benestar Social á que procedan á retirada do proxecto de Decreto polo que se regula o Servizo galego de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes, e manter o citado Servizo nas condicións nas que se ven prestando na actualidade, isto é, a tenor do establecido no Decreto 195/2007, de 13 de setembro, e demais disposicións legais que o teñen desenvolvido.

2º. Dar traslado do presente acordo ós grupos políticos do Partido Popular, Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Alternativa Galega de Esquerdas e Bloque Nacionalista Galego, do Parlamento Galego, a fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ó acordado neste punto."

Primeiramente o voceiro do P.S.deG.-P.S.O.E., Sr. Parada Fernández, comunica que hai un erro na votación da comisión informativa que foi 4 votos a favor e 5 abstencións.

A continuación fai unha exposición da moción.

O voceiro do P.P., Sr. Soto Abadín di que o seu partido vai votar en contra xa que 065 ten a garantía de manterse e de non ter custe para o usuario.

Sometida votación queda rexeitada cos votos negativos do grupo municipal do P.P. (8) e co voto afirmativo do grupo municipal do P.S.de G.-P.S.O.E (5) e do B.N.G. (2)

5.3. Moción do grupo municipal do P.S.deG.-P.S.O.E. con motivo do anteproxecto de lei orgánica polo que o goberno de España pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo.

Na comisión informativa de Cultura, turismo e deportes, de 24 de xaneiro de 2014, ditaminouse favorablemente a seguinte moción:

"Exposición de motivos:

A Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, recolle a garantía dos dereitos fundamentais no ámbito da saúde sexual e reprodutiva, regula as condicións da interrupción voluntaria do embarazo e establece as correspondentes obrigacións dos poderes públicos.

No seu texto, declárase o dereito de todas as persoas a adoptar libremente decisións que afectan á súa vida sexual e reprodutiva, sen máis límites que os derivados do respecto aos dereitos das demais persoas e á orde pública garantido pola Constitución e as Leis, e recoñécese o dereito á maternidade libremente decidido o que implica non só recoñecer ás mulleres a capacidade de decisión sobre o seu embarazo, senón tamén que esa decisión, consciente e responsable, sexa respectada.

A Lei, que veu substituír a unha regulación que vinte e cinco anos atrás supuxera un avance na protección das mulleres, foi elaborada, debatida e aprobada desde o consenso coa gran maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, tras o traballo en sede parlamentaria dunha Subcomisión na Comisión de Igualdade na que se contou coa participación dunha trintena de expertos e considerando as recomendacións de expertos xuristas e profesionais da bioética e a sanidade. Ademais, reforzou a seguridade xurídica na regulación da interrupción voluntaria do embarazo e incorporou a xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos así como distintos pronunciamentos, en forma de conclusións e recomendacións, do Consello de Estado e organismos internacionais de Nacións Unidas, da

Organización Mundial da Saúde, do Consello de Europa e da Unión Europea.

O Goberno anunciou unha revisión desta lexislación que representaría un extraordinario retroceso normativo, social e ideolóxico e volvería situar ás mulleres españolas na clandestinidade, suprimindo o seu dereito a decidir responsable, consciente e libremente sobre a súa sexualidade e maternidade, e afectando á súa seguridade xurídica e á dos profesionais do noso sistema de saúde, así como á garantía no acceso ás correspondentes prestacións sanitarias.

Neste sentido, o 20 de decembro de 2013 presentouse no Consello de Ministros un Anteproxecto de Lei Orgánica cuxo contido confirmou, e tristemente superou, as peores conxecturas acerca dos seus desastrosos efectos sobre a liberdade e os dereitos das mulleres.

Co Anteproxecto aprobado polo Goberno suprímese o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo no primeiras catorce semanas, considerándose como delito despenalizado só nos supostos de violación e "grave perigo para a vida ou a saúde" da muller, privando a esta do seu dereito a decidir sobre a súa maternidade. Suprímese tamén, por tanto, o suposto de malformacións ou anomalías fetais incompatibles coa vida, que tiña xustificado a interrupción do embarazo dende os anos oitenta do século pasado.

Esta norma non só suporá un grave retroceso de máis de trinta anos para a lexislación española neste ámbito, e o incumprimento de compromisos internacionais en materia de dereitos sexuais e reprodutivos e de liberdade das mulleres a decidir sobre a súa maternidade, senón que situaría a España como unha excepción en toda Europa, onde nos últimos anos ningún país lexislara cara atrás nesta materia, mentres que as mulleres españolas sufrirán ese retroceso despois de contar cunha das lexislacións máis avanzadas, máis seguras, con maiores efectos na prevención de embarazos non desexados e que conseguira reducir o número de abortos no último ano.

Esta normativa provocou un enorme rexeitamento social da cidadanía española e europea, das organizacións sociais, profesionais e feministas, e ademais motivou a aparición de declaracións de membros do seu propio partido, incluídas as dalgunhas mulleres que ocupan cargos públicos, discrepando do seu contido, e a crítica de dirixentes e medios de comunicación no estranxeiro, onde só cultivou a felicitación de formacións políticas de extrema dereita doutros países.

Por estas razóns, o Concello de Mos aproba o seguinte acordo:

"O Concello de Mos insta o Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo."

Aprobada esta moción darase traslado da mesma ós grupos políticos presentes no Congreso dos Deputados."

Primeiramente aclárase que hai un erro na votación da comisión informativa que quedou sen ditaminar.

A concelleira, Sra. Loureiro Campo di que se lle debe pedir explicacións a funcionaria que estivo de secretaria na comisión informativa.

A Sra. Monzón Otero di que non están de acordo nin coa lei do 2010 ni tampouco co anteproxecto que se presenta pero que o seu grupo votaría afirmativamente si se acepta a seguinte emenda: O concello de Mos insta ao goberno de España a retirar a tramitación do anteproxecto da lei orgánica e a lexislar novamente a lei sobre a saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo".

O Sr. Parada Fernández pensa que se trata dunha moción distinta

Sometida votación resulta aprobada a cos votos afirmativos do grupo municipal do P.S.de G.-P.S.O.E (5) e do B.N.G. (2) e a abstención do grupo municipal P.P. (8), a seguinte proposta:

O Concello de Mos insta ao Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo.

Aprobada esta moción darase traslado da mesma ós grupos políticos presentes no Congreso dos Deputados

6. Rogos e preguntas.

Abre a quenda o **Sr. García Morgadas** pregunta si está vacante a praza de condutor de 1ª do Concello, Contesta a Sra. Loureiro Campo que é para substituír a Luciano que está de baixa e que se puxo para media xornada.

Pregúntalle ao concelleiro delegado de saneamento porque non está conectado a rede xeral unha rede secundaria en Torroso.

Responde, o Sr. Augusto Martínez, que estaba pendente un tramo cerca do "furancho de Judas" que se conectará agora ao mesmo tempo co de Louriño unha vez resolto os problemas cunha veciña a que se lle atravesaba unha finca.

Roga que, para evitar posibles accidentes como a rotura da base dun columpio que ocasionou a morte dunha nena esta semana, se revisen todos elementos dos parques infantís.

O **Sr. Parada Fernández**, pregúntalle á concelleira de urbanismo e medio ambiente cal é o estado actual do expediente da nave de Campos.

Contesta a Sra. Loureiro Campo, explica que presentaron alegacións dicindo que non teñen que derrubar menos están os técnicos estudando o caso pero que en principio será negativo e irase o derribo. En canto a multas coercitivas xa se están poñendo.

Roga que se faga reunións coas asociacións veciñais para saber que tipo de contenedores fan falla en cada parroquia.

Pregunta porque se tapou de novo a obra para colocar os soportes de benvido a Mos en Puxeiros.
Responde o Sr. Méndez Lago, que había un erro de ubicación que se corrixiu.

Roga que o fondo da paxina Web do Concello sexa Mos e non unha paisaxe alpina como aparecía no Nadal.

Pregunta porque se tardou dous meses en asinar os convenios con Afaga e con Aceesca.
Contesta o Presidente que rigorosamente problemas de axenda.

Pregunta que solución se lle vai dar aos vestiarios do campo de fútbol do Louro.
Responde o concelleiro delegado de deportes, Sr. Táboas Moldes, que se están buscando axudas para construír mais vestiarios.

Roga que se quite a nota sobre a adxudicación dos pisos de San Eleuterio xa que pode dar lugar a erros.

Pregunta si se tramitan os danos en farolas para que paguen os seguros correspondentes.
Responde a concelleira, Sra. Loureiro Campo, que se toman os datos e pásanse a secretaria.

Pregunta ónde vai ser a oficina do Consorcio
Contesta o concelleiro, Sr. Augusto Martínez, que se trata dun local ao lado de urbanismo e cando estean ubicados comunicarase.

A **Sra. Rodríguez Lorenzo** pide que se vexa a posibilidade de cambiar de ubicación o contenedor que esta a beirarrúa na entrada de Porriño porque interrompe o paso dos peóns.
Responde a concelleira Sra. Loureiro Campo que se estudarán posibilidades.

Roga que se presente unha queixa e se lle esixa unha mellor limpeza á da Deputación nas estradas.

Pregunta para qué esta o goberno, con 5 adicacións e soamente trae un asunto ao pleno.

O **Sr. Guisande Alonso** roga que se arranxe una arqueta que hai en Sanguñeda a altura de electrogalicia que impide o paso da xente.

Pregunta con que se falou para colocar o cartel turístico en Sanguñeda, xa que está encima da tubaria de auga do local social, cemiterio e igrexa.
Contesta o concelleiro, Sr. Táboas Moldes, que se buscou o sitio que menos o molestar e que cumprira coa normativa de Patrimonio.

Pregúntalle ao concelleiro delegado de limpeza por onde anda a brigada contratada para a limpeza de cunetas, xa que Sanguñeda necesita que limpen as cunetas.
Responde, o Sr. Pérez Rodríguez, que neste momento en Louredo e Tameiga.

O **Sr. Aldea Moscoso**, comenta que para ter o Pleno con este punto era mellor deixar o Pleno para o mes que ven.

Roga que se lle contesta a súa petición, presentada o 23.12.2013, sobre a débeda do Concello.
Contesta o Presidente que este ano é un pouco complicado xa que ao ampliar o prazo para o pagamento das taxas de basura ata o 14 de febreiro non se pode ter os datos ata contabilizar estes ingresos.
Pregunta si entran aí os pagamentos feitos despois do 31.12.
Contesta o interventor que non.

O **Sra. Vila Blanco** roga que se mire as arbores que está a punto de caer nos camiños.

Roga que se revise a recollida de lixo porque sigo ser deficiente

Non habendo máis asuntos que tratar, a Alcaldesa levantou a sesión sendo as dezanove horas e trinta e tres minutos do trinta de xaneiro de dous mil catorce, estendéndose a presente acta da que como secretario dou fe

O Presidente
Visto e prace

Óscar Soto Abadín

O Secretario,

Fernando Torre Comesaña